**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE XULLO DE 2020.**

**PRESIDENTE:**
O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**
D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**
D.ª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e tres minutos do día trece de xullo do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, Dª. Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 6 DE XULLO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 6 de xullo de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a, votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 6 de xullo de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 25 de xuño de 2020, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT302B).DOG núm. 135 do 08-07-2020.

- Resolución do 1 de xullo de 2020, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida , cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contrat a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). DOG núm. 137 do 10-07-2020.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

- Anuncio do 7 de xullo de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego- Sección de Promoción Económica e Emprego- relativo á resolución nº 2020/20700 de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa DP0032/2020, dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil para actividades 2020. BOP núm. 104 do 09-07-2020.

- Anuncio do 2 de xullo de 2020, do Consorcio As Mariñas relativo á aprobación provisional de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servicio de lacería, canceira e cremación de animais mortos no territorio do Consorcio As Mariñas. BOP núm. 105 do 10-07-2020.

- Anuncio do 9 de xullo de 2020, da Deputación Provincial da Coruña-Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes- relativo á resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0103C: Convocatoria do programa de subvencións para clubs deportivos da provincia, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito nacional ou internacional durante o ano 2020.. BOP núm. 106 do 13-07-2020.

**2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1. O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das actividades realizadas pola Concellería de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo :

C.I.F. P-1503100-H

“**ACTIVIDADES CULTURAIS**

**CICLO *CONCERTOS CON VIDA***

O Concello de Culleredo impulsa unha programación cultural especial para este verán, adaptada ao contexto da COVID-19. Trátase do ciclo *Concertos con vida*, que se desenvolverá durante varios venres desde o 24 de xullo ata o 28 de agosto.

Os eventos seguirán o formato de concertos “verticais”; realizaranse principalmente en espazos residenciais para que a veciñanza tamén poida seguilos desde as súas vivendas. Só un deles se levará a cabo nun espazo aberto; o parque de Celas, coa finalidade de achegar tamén o ciclo á zona rural.

O Concello organiza o ciclo cun protocolo especial de seguridade e protección con motivo da COVID-19. O aforo será reducido e delimitado, asegurando a distancia interpersoal, e efectuaranse controis de acceso.

**VENRES 24 DE XULLO**

**Praza de Sanjurjo de Carricarte do Burgo. 20.30 h:**

Concerto de Dani Royo.

**VENRES 31 DE XULLO**

**Praza Daniel Rodríguez Castelao, de Fonteculler. 20.30 h:**

Concerto de Black



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

**VENRES 14 DE AGOSTO**

**Praza da Sagrada Familia, en Vilaboa. 20.30 h:**

Concerto de Pepe Piña: *Versións.*

**VENRES 21 DE AGOSTO**

**Pista cuberta do parque da Torre de Celas. 20.30 h:**

Concerto de Pepe Piña: *Boleros.*

**VENRES 28 DE AGOSTO**

**Praza do Paseo Tierno Galván, en Acea de Ama. 20.30 h:**

Concerto de O Intre.

**NOTA:**

No caso de choiva, os concertos trasladaranse ao auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte:

"

**PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| 11/06/2020 | 706 | Conceder unha axuda económica. | ****314** | Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro de 2020 (85€) e de marzo a maio de 2020 (330€/mes). | 1075€ |
| 11/06/2020 | 707 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | ****838** | Pago do recibo de gas, correspondente ao mes de xaneiro de 2020 a maio de 2020. | 73,30€ |
| 11/06/2020 | 709 | Conceder unha axuda económica. | ****825** | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (353€), abril (353€) e parte de maio (312,35€) de 2020. | 1.018,35€, |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| 11/06/2020 | 710 | Conceder unha axuda económica. | ****149** | Pago de recibos de electricidade correspondente ao ano 2020.<br><br>Bono de alimentos tipo C, durante o ano 2020 e cunha entrega mensual.<br><br>Bono de hixiene tipo B, durante o ano 2020 e cunha entrega mensual. | 1075€ |
| 11/06/2020 | 711 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | ****598** | Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2019.<br><br>Recibo de luz, correspondente ao periodo de 01 de xaneiro de 2020 a 16 de abril de 2020 .<br><br>Pago do recibo de gas, correspondente ao periodo de 01 de xaneiro de 2020 a 13 de abril de 2020. | 57,36€<br><br>49,29€<br><br>66,81€ |
| 11/06/2020 | 713 | Conceder unha axuda económica. | ****499** | Pago da hipoteca por correspondente aos meses de xaneiro a xuño de 2020 170€/mes e xullo de 2020 55€. | 1075,00€ |
| 17/06/2020 | 738 | Conceder unha axuda económica. | ****892** | pago de aluguer, correspondente aos meses de abril (275€), maio (400€) e xuño(400€) de 2020. | 1075€ |
| 17/06/2020 | 739 | Conceder unha axuda económica. | ****018** | Pago de aluguer correspondente aos meses de outubro e novembro de 2019 (400€/mes) e decembro de 2019 (275€). | 1075€ |
| 17/06/2020 | 740 | Conceder unha axuda económica. | ****779** | pago de hipoteca correspondente aos | 1075€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | meses de abril (275€), maio e xuño de 2020 (400€/mes). | |
| 17/06/2020 | 741 | Conceder unha axuda económica. | ****850** | Pago de recibo de luz e gas correspondente ao periodo do 04/12/2019 ao 03/05/2020. | 473,88€ |
| 17/06/2020 | 742 | Conceder unha axuda económica. | ****676** | Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo (315€), abril (380€) e maio (380€) de 2020. | 1075€ |
| 17/06/2020 | 743 | Conceder unha axuda económica. | ****335** | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (85€) e de abril a xuño de 2020 (330/mes). | 1075€ |
| 17/06/2020 | 744 | Conceder unha axuda económica. | ****590** | Pago de aluguer correspondente aos meses de febreiro (175€) e de marzo a maio de 2020 (300€/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. A entrega do talón ao beneficiario realizarase, previa remisión | 1075€ |
| 17/06/2020 | 745 | Conceder unha axuda económica. | ****880** | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (150€), abril (150€), Maio (150€) e xuño (150€) de 2020. | 600€ |
| 17/06/2020 | 746 | Conceder unha axuda económica. | ****449** | Pago de hipoteca, correspondente ao mes de febreiro de 2020 , por un importe de 275€ e os meses de marzo e abril de 2020 (400€/mes). | 1075€ |
| 17/06/2020 | 747 | Conceder unha axuda económica. | ****864** | Pago de aluguer correspondente ao abono | 500€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| | | | | da fianza (250€), e do primeiro mes de alugueiro (250€). | |
| 17/06/2020 | 748 | Conceder unha axuda económica. | ****887** | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo de 2020 (275€) e o mes de abril e maio de 2020 por un importe de (400€/mes). | 1075€ |
| 29/06/20 | 806 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | ****838** | Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019.<br><br>Pago do recibo de gas, correspondente ao mes de maio de 2020. | 63,80 €<br><br>14,66€ |
| 29/06/20 | 807 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago | ****644** | Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 10 de febreiro de 2020 a 13 de abril de 2020. | 83,03 € |

C.I.F. P-1503100-H

**SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS**

**AREA DE SANIDADE**.

A asociación Asgate e a Concellaría de Política social desarrolaron dous talleres de sensibilizacion sobre o covid-19 o pasado día 9 de xullo no polideportivo de O Burgo, no marco do Campos do Clube de banloncesto Culleredo.

"

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS**.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)



RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
05/08/2020 14:00



PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
05/08/2020 13:43

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es